

Hai que resaltar que onde hai vítima hai vitimario para axitar as consciencias de todas e todos e incitarnos a asumir a nosa responsabilidade na loita contra a violencia de xénero, que comeza por cousas "pequenas", pero importantes, como non rir nin aceptar en silencio os comentarios e chistes machistas e agresivos contra as mulleres que se emitan na nosa presenza.

Hai mulleres vítimas porque hai verdugos, mulleres asasinasadas porque hai asasinos que matan as súas vítimas e xeran un efecto de intimidación sobre outras mulleres. Facemos fronte a unha violencia de dominación, á que podería denominarse terrorismo.

## CONCURSO DE DESEÑO GRÁFICO



## A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

A Casa da Muller convoca o premio de deseño gráfico "A VIOLENCIA DE XÉNERO" de acordo coas seguintes bases:

- 1.- Poderán concorrer cantos autores e autoras o desexen con traballos de tamaño e técnica libres, que deberán ser presentados sobre soporte ríxido que facilite a súa posible exposición.
- 2.- Os deseños contribuirán a destacar o tema da violencia de xénero, tamén denominada violencia contra as mulleres, debéndose centrar no **tema contra a violencia de xénero**, valorándose, primordialmente, o impacto das posibles frases ou lema que conteñan os deseños. Será requisito indispensable que figure o símbolo do Concello de Lugo e o logotipo da Casa de Muller.
- 3.- A autora ou autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 600 euros e agasallo.
- 4.- O cartel seleccionado quedará en poder do Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos. Os carteis presentados poderán ser expostos ao público.
- 5.- A entrega de orixinais poderá facerse por correo ou persoalmente, na Casa da Muller do Concello de Lugo. Avda. da Coruña, 212 (Chalet Parque da Milagrosa), 27003 Lugo, e poderá efectuarse ata as 13 horas do día 14 de outubro de 2011.
- 6.- Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima e baixo lema, en sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, indicarse o nome, enderezo e teléfono.
- 7.- O xurado estará integrado pola Concelleira de Igualdade e persoal técnico da Casa da Muller, co asesoramento de deseñadoras e deseñadores.
- 8.- O xurado resérvase a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase que ningún dos carteis ten méritos suficientes.
- 9.- A resolución do xurado, que se comunicará con antelación ó/a gañador/a, farase pública.
- 10.- O premio será entregado no transcurso dun acto que se anunciará oportunamente.
- 11.- Os traballos non premiados poderán ser retirados ata o 30 de **decembro de 2011**.
- 12.- A participación no certame supón a aceptación das súas bases e a decisión do xurado.

**Ata o 30 de setembro continúa aberto o prazo de presentación de traballos para o "II Certame de Fotografía "Revelando o Machismo"" (bases na páxina web do Concello de Lugo: [www.lugo.es](http://www.lugo.es))**